

## ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 27/04/20 – 10/05/20

MATERIA: EPVA

CURSO: 3º A, B, C, D

PROFESORA: ESTHER

CONTACTO: [esther.firvida.profe@gmail.com](mailto:esther.firvida.profe@gmail.com)

MÉTODO DE CORRECCIÓN: envío por mail, ao enderezo indicado.

### ACTIVIDADES

Boas, rapazada!!! Como o estades a levar?

Moitxs de vós estádesme a dicir que vos aburrídes, así que se me ocorreu propoñervos unha actividade creativa para a que seguro ides ter unha chea de ideas alucinantes!!

Queredes contar as historias que tedes na cabeciña? Pois imos facer “cine” en versión “caseira”, a través dunha técnica de animación que vai ser asequible para todxs (ou case todxs) vós: trátase do STOP-MOTION.

Déixovos un par de tutoriais que amablemente compartiu o profe de Plástica do IES Pino Manso, onde seguro tedes algunha amizade.

Deixade voar a imaxinación e sorpendédeme (e non só a min, pois penso colgar as vosas pelis na web do cole para que todo o mundo poida ver o pedazo de artistas que sodes ;-D ).

PD: non é necesario que utilicedes a aplicación que se indica no tutorial; se xa fixestes este tipo de actividade algunha vez e coñecedes outras apps, non hai ningún problema por empregalas (nese caso, indicádemos no mail que me envíedes).

E como crear unha peli non é doado, deixo xa de entrada 2 semanas para a súa realización como temporalización orientativa, pero se precisades máis tempo porque vos emocionades e queredes facer unha peli máis longa ou complexa, contades con todo o mes de maio (olho, non o deixedes para o último día, porque leva moito tempo, e seguramente vaia propoñendo outras actividades, vale?).

Agardo impacientemente as vosas pelis!!!!

[https://www.youtube.com/watch?v=FP-Jp9u8itY&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?v=FP-Jp9u8itY&feature=emb_logo)

[https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=2&v=nd65a7jfTsE&feature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?time_continue=2&v=nd65a7jfTsE&feature=emb_logo)